

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.  
CURSO 2019/20**

**CENTRO: CPI O FEAL**

**CURSO: 2019/20**

**MATERIAS: CULTURA CLÁSICA E LATÍN**

**DEPARTAMENTO: LATÍN**

**DATA: 11 DE MAIO DE 2020**

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación,reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Para a 1ª E 2ª avaliación da Cultura Clásica de 3ºESO, igual que para Latín de 4ºESO se aplicarán os estándares establecidos na programación vixente do curso 2019/20.	Ao ser ambas disciplinas de avaliación continua e os alumn@s de ambas, ter superados os estándares de aprendizaxe da 1ª e 2ª avaliación
Para a 3ª avaliación se seguirán as pautas dadas nas instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e innovación educativa para o desenvolvemento do 3º trimestre do curso 2019/20 nos centros docentes da C.A de Galicia	Na 3ª avaliación continuarase cos estándares establecidos na programación do curso 2019/20

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Os procedementos</b> para a 3ª avaliación serán, en función do traballo feito a partires de Estado de alarma do 16 de marzo de 2020, decretado polo Goberno de España. <b>Os instrumentos</b> empregados serán os traballos realizados a través do Aula Virtual
<b>Cualificación final</b>	Aplicarase un 80% dos resultados obtidos na 1ª e 2ª avaliación e un 20% para a 3ª avaliación, tendo en conta, que esta, considérase de repaso, recuperación e de diagnóstico
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Para aqueles alumn@s que non superen a disciplina en xuño realizarase unha proba extraordinaria en setembro.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	A día de hoxe, non hai alumn@s coas materias pendentes de C. Clásica e Latín

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e ampliación)**

**4.**

<b>Actividades</b>	Nas primeiras semanas do Estado de alarma, decretado polo Goberno de España o 16 de marzo de 2020, elaborei actividades de repaso para todo o alumnado, sempre seguindo as instrucións que ían publicando. Nas semanas seguintes, tendo en conta, que todos os alumn@s, en ambas disciplinas, tiñan superadas a 1ª e 2ª avaliación, elaborei actividades de ampliación para, no posible, cumprir coa programación vixente do curso 2019/20, tendo en conta que se utilizará para mellorar a cualificación obtida ata agora.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	En canto a conectividade do alumnado hai que facer unha diferenza entre os alumn@s de C. Clásica de 3ºESO que dos 10 matriculados, conéctanse asiduamente 5 e, dos 8 alumn@s matriculados en latín de 4ºESO, conéctanse tod@s
<b>Materiais e recursos</b>	Os materiais empregados son os seguintes: <ul style="list-style-type: none"><li>- Recursos proporcionados pola profesora, xa que hai que ter en conta que, en ambas disciplinas, non está asignado libro de texto.</li><li>- Tarefas elaboradas pola profesora</li><li>- Páxinas webs para elaborar traballos en 3º ESO de C. Clásica e no caso de Latín de 4ºESO para uso do dicionario para poder facer tradución</li></ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Para informar e traballar cos alumn@s, fixen uso da Aula Virtual do centro, instrumento xa utilizado nas clases presenciais, non sendo nada novo nin complicado para o alumnado. Para informar ás familias fixen uso do mesmo instrumento da A. Virtual e do correo electrónico do centro e do meu traballo como docente
<b>Publicidade</b>	Toda esta información fíxose pública na páxina web do CPI O feal de Narón.